



# Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.gal

## ACTA DA SESION CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DEZASETE DE XUÑO DE DOS MIL VINTE E TRES

En A Illa de Arousa, a dezasete de xuño de dous mil vinte tres, no Salón de Plenos da Casa do Concello e sendo as doce horas, reúnen-se os Concelleiros electos máis abaixo sinalados, asistidos polo Secretario da Corporación D. Daniel Angel Lamas Bello.

### CONCELLEIROS ELECTOS PRESENTES.

D. Luis Arosa García  
Dna. Laura Castro Rial  
D. Manuel García Poza  
D. Matías González Cañón  
Dna. Noelia Feijó Doeste  
Dna. Tamara Nieto Dios  
Dna. Elena Otero Otero  
D. Miguel Paz Cores  
D. Ruben Rial Nieto  
D. Manuel Suárez Nieto  
Dna. Rosa María Viana Rodríguez

### CONCELLEIROS ELECTOS AUSENTES.

-----

-----

É obxecto da sesión a constitución do Concello conforme dispón o artigo 195 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime electoral Xeral, e de acordo co seguinte

### **ORDE DO DÍA:**

- 1.- Constitución da Mesa de Idade.**
- 2.- Comprobación da identidade dos/as Concelleiros/as electos/as.**
- 3.- Xuramento ou promesa dos/das Srs/Sras Concelleiros/as electos/as.**
- 4.- Declaración de Constitución da Corporación.**
- 5.- Elección do Alcalde-Presidente.**
- 6.- Toma de posesión do Alcalde-Presidente.**

O Sr. Secretario abre o acto para comentar brevemente o procedemento e formalidades a seguir ó longo da sesión, de acordo co disposto na contida fundamentalmente na Lei Orgánica 5/1985, de Réxime electoral xeral, e artigos 36 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.





# Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.gal

Así, informa que a Corporación deberá constituírse en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentase recurso contencioso electoral contra a proclamación dos Concelleiros electos, e neste caso celebrárase o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

En primeiro lugar procederase a constituír a Mesa de Idade, integrada polos Concelleiros electos de maior e menor idade. O cometido da Mesa de Idade é o de comprobar as credenciais ou acreditacións da personalidade dos Concelleiros electos, e unha vez comprobadas estas e constatadas as declaracións no Rexistro de Intereses e de posibles causas de Incompatibilidade e prestado xuramento da maneira establecida no RD 707/1979, de 05 de abril, declarárase constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta do número legal de membros. En caso contrario a Corporación quedará constituída dous días despois calquera que fose o número de Concelleiros presentes.

Para a toma de posesión e prestación do xuramento se chamará por orde alfabético a cada Concelleiro electo, que se persoará diante da Mesa de Idade e lerá en voz alta o seu xuramento, ocupando despois o seu posto na zona reservada ó seu partido político.

## **1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.**

A continuación procédese a constituír a Mesa de Idade, integrada polos Concelleiros electos de maior e menor idade. O cometido da Mesa de Idade é o de comprobar as credenciais ou acreditacións da personalidade dos Concelleiros electos.

A Mesa de Idade queda integrada por:

- D. Manuel Suárez Nieto, Concelleiro electo de maior idade e que preside a Mesa.
- Dna. Noelia Feijó Doeste, Concelleira electa de menor idade.

Actúa como Secretario o da Corporación D. Daniel Angel Lamas Bello.

## **2.- COMPROBACIÓN DA IDENTIDADE DOS/AS CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS.**

Constituída a Mesa de Idade e logo de tomar as medidas precisas segundo dispón o artigo 36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, procédese á comprobación das credenciais que lle foron entregadas acreditativas da personalidade dos Concelleiros electos e que formularon as declaracións de intereses e incompatibilidades referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, convidando o Presidente da Mesa de Idade ós Concelleiros electos a que expoñan se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevinda con posterioridade á súa declaración, sen que por parte deles haxa manifestación algunha.

A Secretaría-Intervención informa que puxo a disposición dos Sres. Concelleiros Electos a documentación referente ós xustificantes das existencias en metálico e valores propios da Corporación depositados na Caixa Municipal e Entidades Bancarias, e igualmente a documentación relativa ó Inventario de Bens da Corporación.





# Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.gal

Tendo en conta de que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral e 37.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e que concorren a esta sesión a maioría absoluta de Concelleiros Electos, procédese ó cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, de prestar xuramento ou promesa.

### **3.- XURAMENTO OU PROMESA DOS/DAS SRES/SRAS CONCELLEIROS/AS.**

Despois da lectura polo Secretario do Concello do artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, referido á toma de posesión dos Concelleiros Electos, procédese a prestar xuramento ou promesa por todos os Concelleiros electos, por orde alfabético, comezando polos integrantes da Mesa de Idade

O xuramento ou promesa realízase empregando a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas.

Os Concelleiros electos toman posesión dos seus cargos, adquirindo a condición de Concelleiros con pleno dereito.

### **4.- DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.**

A continuación e logo de dar cumprimento ao disposto no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, ás doce e quince horas, o Presidente da mesa declara constituído o Concello de A Illa de Arousa tralas eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, dado que se atopan presentes a maioría absoluta do número legal de membros.

### **5.- ELECCIÓN E TOMA DE POSESIÓN DE ALCALDE-PRESIDENTE**

A continuación procédese á elección do Alcalde-Presidente.

O Secretario do Concello procede á lectura do artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral e á elección do Alcalde-Presidente da Corporación e informa que poden ser candidatos á Alcaldía todos os Concelleiros que encabezen as súas respectivas listas, que deberán manifestar a súa intención de presentarse a elección do Alcalde.

A votación poderá realizarse de maneira ordinaria (a man alzada). Non obstante poderá recurrirse á votación nominal ou secreta, a solicitude de algún grupo, previo acordo por maioría simple en votación ordinaria. Cada concelleiro haberá de votar unicamente a un dos candidatos.

Realizado o recuento da votación será proclamado Alcalde aquel Concelleiro que obteña a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros entendéndose por maioría absoluta aquel número de votos que excede da metade do número legal de Concelleiros. Se ningún dos candidatos obtén esa maioría será proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece la lista que obtivera maior número de votos no municipio. Si existira empate nos votos este resolverase por sorteo entre os empatados.





# Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.gal

Tras xurar ou prometer o cargo a Mesa de Idade designa para o cargo de Alcalde a quen resultara elixido, que pasará a ocupar a presidencia da sesión.

Designado o Alcalde e sen perxucio das intervencións que puidera haber levántase a sesión sen que se poidan tratar máis asuntos nin adoptar ningún outro tipo de acordo.

## a) Proclamación de candidatos á Alcaldía

Tras iso o Presidente da Mesa de Idade pregunta os Concelleiros que encabezan as listas, se manteñen a súa candidatura a Alcalde ou a retiran, manifestándose no seguinte sentido:

- D. Luis Arosa García: Si
- D. Matías González Cañón: Si
- D. Manuel Suárez Nieto: Non

Quedan proclamados como candidatos á Alcaldía os seguintes:

- D. Luis Arosa García.
- D. Matías González Cañón.

## b) Elección do sistema de votación

Tras a proclamación de candidatos, o Presidente da mesa convida aos Concelleiros electos a elixir o sistema de votación (artigo 101 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro) para elixir o Alcalde-Presidente.

A votación ten lugar a man alzada e unha vez realizada esta, o resultado é o seguinte:

- D. Luis Arosa García:
  - 6 votos a favor dos tres Concelleiros do PSdeG PSOE e dos tres Concelleiros do BNG.
  - 0 votos en contra.
  - 5 abstencións dos cinco Concelleiros do PP.
- D. Matías González Cañón:
  - 5 votos a favor dos cinco Concelleiros do PP.
  - 6 votos en contra dos tres Concelleiros do PSdeG PSOE e dos tres Concelleiros do BNG.
  - 0 abstencións.

Dado que de acordo co artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985 será proclamando Alcalde electo o candidato que obteña a maioría absoluta dos votos do número legal de membros da Corporación, e dado que a maioría absoluta establécese en seis votos, queda proclamado Alcalde electo o cabeza de lista do PSdeG PSOE D. Luis Arosa García.

## 6.- TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE.

A continuación, de conformidade co artigo 18 do TRRL e artigo 40.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o Alcalde-Presidente procede a dar lectura á fórmula





## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.gal

de acatamento á Constitución, segundo a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas

A continuación D. Luis Arosa García toma posesión do seu cargo como Alcalde-Presidente do Concello de A Illa de Arousa e pasa a presidir a sesión, quedando disolta a Mesa de Idade.

Toma a palabra o Sr. Alcalde agradecendo a presenza no acto e destacando a importancia da confianza epositada nel polos veciños de A Illa de Arousa, manifestando o seu compromiso co municipio e que non pode aspirar a maior distinción e maior reto que liderar esta epata que hoxe comeza no Concello. Finalmente agradece o traballo do anterior Alcalde D. Carlos Iglesias Cores e as ensinanzas recibidas.

Cumprido o obxecto da convocatoria da presente sesión especial constitutiva do Concello Pleno de A Illa de Arousa, o Sr. Alcalde-Presidente da por rematado o acto e levanta a sesión, sendo as doce e vinte e cinco horas, da que se estende a presente acta, da que eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo. Luis Arosa García

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello

